

ACTA DE ACORDOS COMISIÓN DELEGADA

29/12/2023

ORDE DO DÍA

1º.: Lectura e aprobación da acta anterior.

Procédese a lectura da acta da reunión anterior. A acta é aprobada por unanimidade.

2º.: Orzamentos 2024

Os ingresos estimados para esta tempada 2024 son os seguintes:

INGRESOS		
1.-	FORMACION	41.000,00 €
2.-	SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE	94.233,00 €
3.-	LICENZAS	250.000,00 €
4.-	INSCRICIÓN S CTOS. ESPAÑA E INTER	58.500,00 €
5.-	OUTRAS SUBVENCIÓN S	12.000,00 €
6.-	INSCRICIONS COPAS GALICIA INTERNACIONAL	5.200,00 €
7.-	INGRESOS VARIOS	14.267,00 €
TOTAL INGRESOS		475.200,00 €

Os gastos estimados para esta tempada 2024 son os detallados a continuación:

GASTOS		
1.-GASTOS DE FUNCIONAMIENTO		
1.1.-GASTOS CORRENTES		
1.1.1.- PERSOAL		76.000,00 €
1.1.2.-PRIMAS DE SEGUROS		1.000,00 €
1.1.3.-SERVICIOS PROFESIONAIS EXTERNOS		2.800,00 €
1.1.4.-CORREO E TELEFONO		3.600,00 €
1.1.5.-MATERIAL OFCINA		3.800,00 €
1.1.6.-GASTOS REPRESENTACIÓN		4.950,00 €
1.1.7.-VARIOS E IMPREVISTOS		4.200,00 €
TOTAL GASTOS CORRENTES		96.350,00 €
2.- GASTOS LICENZAS		
2.1.-HOMOLOGACIÓN LICENZAS RFE G		55.000,00 €
2.2.-SEGURO DEPORTIVO		74.000,00 €
TOTAL GASTOS LICENZAS		129.000,00 €
3.-ACTIVIDADES		
3.1.-COMPETICIÓN		
3.1.1.-AUTONÓMICAS (ESCOLAR E PROMOCIÓN)		50.000,00 €
3.1.2.-AUTONÓMICOS: BASE E ABSOLUTOS		39.500,00 €
3.1.3.-CTOS. DE ESPAÑA: XUÍCES/ZAS		15.600,00 €
3.1.3.-OUTROS CTOS: ORGANIZACIÓN		27.000,00 €
3.2.- PAGO INSCRICIÓN CTOS ESPAÑA		58.500,00 €
TOTAL ACTIVIDADES		190.600,00 €
4.-TECNIFICACIÓN		
4.1.-XIMNASIA RÍTMICA		4.250,00 €
4.2.-XIMNASIA DE TRAMPOLÍN		4.000,00 €
4.3.-XIMNASIA ACROBÁTICA		4.000,00 €
4.4.-XIMNASIA ARTÍSTICA		3.750,00 €
4.6.-TECNIFICACIÓN CGTD		12.500,00 €
TOTAL TECNIFICACIÓN		28.500,00 €
5.-FORMACIÓN		
		29.250,00 €
6.-ADQUISICIÓN MATERIAL DEPORTIVO		
		1.500,00 €
TOTAL GASTOS		475.200,00 €

A Comisión Delegada informa positivamente deste punto da orde do día para a súa consideración na Asemblea Xeral.

3º.: Informe Conta de Resultados a 21/12/2023

Infórmase aos presentes do resultado contable da Federación a 21 de Decembro por medio da Conta de Perdas e Ganancias. Trátase dun resultado provisional xa que aínda quedan varias partidas pendentes de contabilizar ata o 31 de Decembro. Consideramos que ditas partidas non alterarán demasiado o resultado presentado polo cal podemos considerar esta Conta de Perdas e Ganancias como representativa.

Explícase a Conta de Perdas e Ganancias segundo a seguinte desagregación:

1	Ingresos federativos	383.630,63 €
5	Outros ingresos de explotación	166.876,38 €
6	Gastos de persoal	-68.719,81 €
7	Outros gastos de explotación	-456.094,27 €
8	Amortización do inmovilizado	-15.000,00 €
	A) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+5+6+7+8)	10.692,93 €
13	Ingresos financeiros	3,70 €
	B) RESULTADO FINANCIERO (13)	3,70 €
	C) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS (A+B)	10.696,63 €
19	Imposto sobre Sociedades	0,00 €
	D) RESULTADO DO EJERCICIO (C+19)	10.696,63 €

Tal e como pode observarse neste resumo e na Conta de Perdas e Ganancias adxunta, obtívose un resultado provisional de ganancias estimadas de 10.696,63 euros.

Os membros da Comisión Delegada informan positivamente deste punto da orde do día.

4º.: Normativas Autonómicas 2024

As Normativas Técnicas de cada modalidade están elaboradas polos distintos comités técnicos para a tempada 2024.

Con respecto á Normativa de Licenzas este ano temos que realizar un pequena suba de 5,00€ en todas as licenzas por mor da suba nos prezos do seguro deportivo e custos das actividades.

Adxuntamos a normativa de licenzas aprobada por esta Comisión Delegada para a súa aprobación se procede na próxima Asemblea Xeral.

En canto a Normativa de liquidación e pagos por actividades presentada, tratase dun borrador, por tanto os diferentes importes explicados son provisionais e poden variar en función dos que a Secretaría Xeral para o Deporte estableza no Convenio 2024 e doutros factores.

A Comisión Delegada informa positivamente deste punto da orde do día.

5º.: Calendario Provisional de Actividades 2024.

O calendario Provisional de Actividades elabórase acorde ao calendario nacional xunto coa opinión dos distintos comités técnicos.

Aínda faltan moitas datas e sedes por pechar sendo as xa confirmadas as que recollemos no arquivo adxunto.

A Comisión Delega informa positivamente deste punto da orde do día.

6º.: Suxerencias e preguntas.

Mª Carmen Blanco comenta a necesidade de informar á Xunta de Galicia das particularidades de cada unha das disciplinas ximnásticas para así poder axustar as subvencións destinadas a os Clubs de maneira máis concreta e xusta. Destaca que na disciplina de Ximnasia Rítmica se compite en diversas modalidades: individual e conxuntos; e a súa vez en diferentes niveis: base e federado/elite. Co cal, cos requisitos actuais das subvencións non cabe a posibilidade de incluír a todas/os as/os ximnastas que compiten a nivel nacional, tendo nalgúns casos que excluír do dato numérico aportado para a subvención, por exemplo, a un conxunto base xa que non é compatible incluílo debido a que figura outro conxunto que compite no nivel federado/elite. O Presidente informa que xa intentou contactar coa responsable do asunto na Xunta de Galicia pero non foi posible, polo que o asunto queda a espera de resolverse a principios do ano que ven.

Mª Carmen Blanco realiza unha consulta en relación coa recente aprobación do Bono Deporte da Xunta de Galicia. Pide unha aclaración sobre o momento de renovación das licenzas de ximnastas no ano 2024 para cumprir este requisito da axuda. A Secretaria Técnica aclara que o número de licenzas que teñen que proporcionar as familias para solicitar o Bono Deporte é o correspondente ó 2023, e que o requisito de renovación da licenza no seguinte ano simplemente deberá ser cumprido para a futura comprobación pola Xunta de Galicia no primeiro trimestre do ano 2024.

E sen máis puntos que tratar, érguese a sesión sendo a 11:05 h do día arriba indicado do que dou fe como Secretaria Xeral desta Federación.

Ourense, 29 de Decembro de 2023

Asdo.: Mª Belén Ferreiro Amoedo